

**DÍA METEOROLÓXICO** ■ O 90% das catástrofes están vinculadas a perigos hidrometeorolóxicos  
As alertas temperás paliarían os seus efectos ❖ Perdas de 575 millóns de euros entre 1980 e 2000

# Os desastres naturais deixaron 1,2 millóns de mortos en 20 anos

E.P. - Madrid

Nove de cada dez desastres naturais están vinculados a perigos hidrometeorolóxicos e os seus efectos, que só entre 1980 e o ano 2000 causaron a morte de 1,2 millóns de persoas e perdas por encima dos 575 millóns de euros, poden paliar

se con alertas temperás, segundo a mensaxe lanzada polo secretario xeral da Organización Meteorolóxica Mundial (OMM), Michel Jarraud, con motivo da celebración hoxe, do Día Meteorolóxico Mundial. Segundo explica Jarraud, a OMM "estivo á altura dos desafíos impostos" polo últimos tempos tanto en materia de desenvolvemento sostible como

en redución de impacto dos desastres naturais "e outras catástrofes relacionadas co tempo, o clima e a auga", así como en protección do medio "para as xeracións presentes e futuras".

Na súa opinión "non cabe dúbida de que un sistema mundial, integrado de observación apoiado por un sistema integrado de informa-

ción, contribuirá de forma destacada" a obter efectos beneficiosos para a sociedade grazas a unha "ampla variedade" de produtos e servizos orientados a protexer vidas humanas, medios de subsistencia e bens, a saúde, a seguridade, o crecemento económico, a protección dos recursos naturais e a calidade do medio. ●

A CERNA

## Reducir as súas consecuencias

Segundo explica Jarraud, "a prestación de produtos e servizos adecuados polos Servizos Meteorolóxicos e Hidrolóxicos Nacionais (SMHN) ás instancias normativas, os medios de comunicación e o público en xeral pode reducir significativamente os efectos dos fenómenos xa que, aínda que os perigos naturais non se poden evitar, a utilización de alertas temperás adecuadas pode servir para minimizar considerablemente os seus efectos prejudiciais, incluíndo o secretario xeral da OMM a través dun comunicado.

## SANEAMENTO

■ O 80% dos residuos acaba en mares e ríos

## Alarma polo desperdicio de auga en Brasil, que posúe a maior reserva

En Brasil, que posúe a maior reserva de auga doce do planeta, o desperdicio alcanza niveis alarmantes e o 80 por cento dos residuos acaba en mares e ríos, mentres que só a metade da poboación conta con saneamento básico. A situación do país que atesoura o 12% da auga doce que existe no mundo foi posta en cuestión polo Día Mundial da auga, que este ano a ONU centra na necesidade de saneamento nas grandes urbes, sobre todo de países en desenvolvemento.

De toda a auga que existe no mundo, segundo diversos organismos internacionais, só o 2,5% é doce. No caso de Brasil, a metade das súas reservas está nos ríos amazónicos, que discorren polas rexións que teñen a menor taxa de poboación por quilómetro cadrado do país, pero aínda así non escapan de ameazas.

A contaminación dos ríos da Amazonía preocupa seriamente a grupos ecoloxistas e atribúese, na súa maior medida, á actividade de mineiros ilegais que lanzan ós ríos o mercurio que usan para extraer o ouro. Estudos da Organización do Tratado de Cooperación Amazónica (OTCA), que integran Brasil, Bolivia, Colombia, Ecuador, Guayana, Surinam, Perú e Venezuela, din que na minería ilegal se usan entre un e tres quilos de mercurio por cada quilo de ouro extraído.

A OTCA calcula que, nos últimos 50 anos, se verteron unhas 1.300 toneladas de mercurio sobre o Amazonas, o que revela as dimensións do problema. O desastre que moitos ecoloxistas prognostican tivo inicio na década dos anos 40 e levou moitas especies de peixes ás listas de animais en vías de extinción. ● EFE